

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

EXTRACTO da Resolución do 18 de decembro de 2025, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de duascentas cincuenta (250) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2026/27 nunha universidade pública galega (código de procedemento PR911A).

BDNS (Identif.): 880821.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/880821>

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán solicitar estas axudas a cidadanía galega residente no estranxeiro cunha titulación universitaria de grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría, diplomatura, arquitectura técnica ou enxeñaría técnica.

2. Quedan excluídas desta convocatoria as persoas que xa fosen beneficiarias e desfrutasen desta bolsa en anteriores convocatorias.

3. Así mesmo, quedan excluídas aquelas persoas que resultasen beneficiarias desta bolsa en anteriores convocatorias e que causasen baixa ou renunciasesen a ela, sempre que o fixesen despois do 15 de setembro do ano da correspondente convocatoria.

Segundo. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases que regularán o procedemento de concesión e proceder á convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, de duascentas cincuenta (250) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior, co fin de cursar determinados estudos de máster que se inicien no curso 2026/27 nunha universidade pública galega, condicionada aos límites de financiamento (código de procedemento PR911A).

CVE-DOG: ejdnx6a2-msj1-rjk6-dap2-7zkqrk94edl7



Terceiro. Bases reguladoras

Resolución do 18 de decembro de 2025, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de duascenas cincuenta (250) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2026/27 nunha universidade pública galega (código de procedemento PR911A).

Cuarto. Importe

Esta convocatoria terá carácter plurianual e para a concesión destas subvencións destinaranse un total de 2.550.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.480.3 –bolsas excelencia mocidade exterior– dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2026 e 2027, por importe de 1.500.000 € para a anualidade 2026 e 1.050.000 € para a anualidade 2027. A concesión destas subvencións quedará condicionada aos ditos límites orzamentarios.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o día 30 de abril de 2025 ás 23.59 horas (hora peninsular española), sen que en ningún caso poida ser inferior a un mes.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2025

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

CVE-DOG: ejdhn6a2-msj1-rjk6-dap2-7zkqrk94edl7

